



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Número 127/2016

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACION DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES DO ESTUDANTADO DO MESTRADO EN PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE DESTINOS E NOVOS PRODUTOS TURÍSTICOS (FACULTADE DE SOCIOLOXÍA)**

A Coruña, a 11 de agosto de 2016

**REUNIDOS**

Dunha parte D. Xosé Regueira Varela, Deputado de Cooperación, Plans provinciais xerais, Asistencia a municipios, Turismo e Patrimonio histórico-artístico, en virtude da Resolución de Presidencia número 15671 de 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 de 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área e

Doutra parte D. Alberto Valderruten Vidal, Vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, por suplencia de D. Julio Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, de conformidade co artigo 11 da Resolución reitoral do 12 de xaneiro de 2016

Os dous actuando para e por conta das entidades que representan, no exercicio das funcións e poderes que legalmente posúen e mutuamente se recoñecen,

**EXPOÑEN**

1. Que a Universidade da Coruña é unha institución destinada ao servizo público da educación superior dotada de personalidade xurídica propia e cuxos estatutos contemplan, entre as súas funcións, a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para creación artística.
2. Que a Universidade da Coruña, de acordo coas súas posibilidades, trata de dar resposta, a través dos seus centros, departamentos e institutos, á crecente necesidade de formación de posgrao e de especialización profesional que demanda a nosa sociedade. É por iso que ten entre os seus obxectivos impartir as ensinanzas necesarias co fin de formar ao estudiantado e preparalo para o exercicio de actividades profesionais, con especial atención ao desenvolvemento de programas específicos de docencia establecidos a partir de necesidades concretas.

3.- Que o Real Decreto 56/2005, do 21 de Xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao, recoñece xa na súa exposición de motivos, que é aconsellable dotar os estudos de posgrao da maior flexibilidade para que, no ámbito da súa autonomía, as universidades definan e desenvolvan as súas estratexias e a organización de formación especializada e investigadora.

No artigo 9.3 do citado real decreto dispón que a Universidade, por pedimento do órgano responsable do desenvolvemento do programa formativo, poderá establecer acordos de colaboración con outras institucións e organismos públicos e privados, así como ás empresas ou industrias. Todas estas colaboracións deberán contar coa autorización previa da Universidade, por proposta do órgano responsable de desenvolver o programa.

4. No DOG núm. 2, do 3 de xaneiro de 2012, se publica o Decreto 245/2011, do 15 de decembro, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia, polo que se autoriza a implantación e a modificación na denominación de ensinanzas universitarias oficiais nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso 2011-2012. No citado decreto se concede autorización á Universidade da Coruña para a implantación, entre outras ensinanzas universitarias oficiais, a seguinte: "Máster universitario en planificación e xestión de destinos e novos produtos turísticos".

5. Que a Deputación da Coruña xa colaborou coa UDC no desenvolvemento dos citados estudos de postgrao, mediante a subsrcpción de convenios que incorporaban no seu obxecto o financiamento de bolsas en prácticas para os alumnos do Máster universitario en planificación e xestión de destinos e novos produtos turísticos, a realizar na sede da Deputación, e está interesada en continuar contribuíndo á formación de alumnos da Universidade da Coruña na área de turismo e así conseguir profesionais debidamente capacitados e preparados para a súa futura incorporación ao mercado laboral.

Por todo isto, acordan subscribir o presente acordo de colaboración, de conformidade coas seguintes.

## CLÁUSULAS

### I. OBXECTIVO XERAL

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade da Coruña para permitir aos estudiantes da Facultade de Socioloxía (Mestrado en Planificación e Xestión de Destinos e Novos produtos turísticos) da Universidade da Coruña realizar prácticas académicas extracurriculares na área de turismo da Deputación da Coruña.

As prácticas extracurriculares son aquelas que, tendo un fin similar aos das prácticas curriculares, non forman parte do plan de estudos correspondente, e que os estudiantes poden levar a cabo con carácter voluntario durante o seu período de formación.

### II. BOLSEIROS

Os bolseiros en prácticas serán bolseiros da Deputación Provincial da Coruña. A Universidade da Coruña colaborará únicamente na súa selección. A concesión das bolsas desenvolverase sobre a base das seguintes directrices:

#### A) Requisitos dos bolseiros

- **Nacionalidade:** Posuér, con carácter preferente, a nacionalidade española ou a nacionalidade dalgún país membro da Unión Europea.

- **Cualificacións:** Ter superado o 50% dos créditos do “Máster universitario en planificación e xestión de destinos e novos produtos turísticos”.
- **Lingua:** Para sacar todo o proveito posible das prácticas e realizar ben as súas tarefas:
  - Os bolseiros dos Estados membros deben ter un bo coñecemento de, polo menos, dúas linguas europeas, unha delas debe ser unha das linguas de traballo da Comisión Europea (inglés, francés ou alemán), aínda que se valorará especialmente o coñecemento do inglés.
  - Os bolseiros dos Estados non membros da Unión Europea deben ter un bo coñecemento do inglés.
  - Os coñecementos das linguas mencionadas, distintas da lingua materna, deberán ser acreditadas convenientemente (por exemplo, mediante títulos, certificados, probas de que se estudiou a lingua en cuestión, etc).
- **Non estar separado do servizo** de ningunha administración ou institución como consecuencia dun expediente disciplinario.

#### **B) Solicituds**

As persoas candidatas ás bolsas para a realización de prácticas de formación na Deputación Provincial da Coruña formularán as súas solicitudes no modelo normalizado que se facilitará pola Dirección do “Máster universitario en planificación e xestión de destinos e novos produtos turísticos”.

As solicitudes deberán estar acompañadas da seguinte documentación:

- Un currículo, acompañado de cantos documentos e certificacións poidan avalalo.
- Unha declaración xurada na que o alumno se compromete a renunciar, se fora seleccionado, á percepción doutras remuneracións, bolsas ou axudas.
- Unha declaración xurada de non estar separado do servizo de ningunha administración ou institución pública como consecuencia de expediente disciplinario.
- Unha fotocopia do DNI/NIE ou do pasaporte.
- Certificación acreditativa de ter superado o 50% dos créditos do “Máster universitario en planificación e xestión de destinos e novos produtos turísticos”.

O prazo para a presentación das solicitudes será o que determine a Dirección do “Máster universitario en planificación e xestión de destinos e novos produtos turísticos”.

#### **C) Selección**

A selección dos candidatos será realizada por unha comisión de composición paritaria, integrada por representantes da Deputación Provincial da Coruña e da Universidade da Coruña.

Alén do exame da documentación presentada, a comisión poderá convocar aos solicitantes a unha entrevista persoal.

A comisión non valorarán aqueles méritos alegados polas persoas candidatas nas súas solicitudes que non estean acreditados documentalmente.

A comisión proporá ao Presidente da Deputación Provincial da Coruña unha relación das persoas candidatas seleccionadas para o seu nomeamento, e engadirá as persoas suplentes que considerar oportuno.

No caso de que algúñ dos bolseiros, por calquera motivo, non poida iniciar ou non queira seguir prestando a súa colaboración, ou se a Deputación Provincial da Coruña decidise resolver a concesión dalgunha bolsa, o bolseiro será substituído pola seguinte persoa candidata na listaxe ou, se fora o caso, seleccionar un novo bolseiro.

A solicitude das bolsas implica o coñecemento das súas bases e das súas condicións, que se recollen no presente convenio. O incumprimento por parte do bolseiro dalgunha delas, sen causa debidamente xustificada, suporá a perda da bolsa concedida e, se fora o caso, o reintegro das cantidades que se percibisen indebidamente.

As bolsas teñen unha finalidade formativa. A condición de bolseiro en ningún caso poderá considerarse ou dará lugar a relación laboral ou administrativa coa Deputación Provincial da Coruña.

#### **D) Dereitos e deberes dos bolseiros**

##### **1. Incorporación**

Os bolseiros incorporaranse á Sección de Promoción e Desenvolvemento Turistico da Deputación da Coruña, no prazo establecido na notificación da adxudicación da bolsa. O bolseiro que non se incorporase no prazo establecido perderá os dereitos inherentes á bolsa, agás por causa xustificada de atraso apreciada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

##### **2. Duración das prácticas**

As bolsas en prácticas terán unha duración máxima de doce meses. Porén, a duración inicial poderá ser obxecto de ampliación en función da dispoñibilidade orzamentaria, ata 12 meses máis.

##### **3. Lugar de desenvolvemento das prácticas**

Os bolseiros realizarán a súa actividade nas dependencias da Deputación Provincial da Coruña ou, se fora o caso, en concellos da provincia, en tarefas relacionadas coa planificación e coa xestión do turismo e outras que lle poidan ser encomendadas en relación co turismo.

##### **4. As prácticas**

A súa actividade de prácticas formativas será dirixida e supervisada polo persoal adscrito á Sección de Promoción e Desenvolvemento Turistico da Deputación da Coruña.

Para cada persoa en prácticas, designarase un titor responsable. Un titor poderá titorizar a varias persoas en prácticas. O titor deberá guiar e acompañar a persoa baixo a súa responsabilidade durante as prácticas e ser o seu asesor. O titor deberá informar inmediatamente ao director/a do servizo correspondente sobre calquera incidente significativo durante as prácticas (en particular, insuficiencias profesionais, ausencias, enfermedades, comportamentos inapropiados ou a interrupción das prácticas) que constatará ou do que fora informado pola persoa en prácticas.

A persoa en prácticas deberá cumplir as instruccións do seu titor ou dos seus superiores nos servizos correspondentes.

A Deputación Provincial da Coruña comprométese a facilitar os medios materiais, técnicos e humanos que foran precisos para a adecuada realización da formación práctica.

## **5. Confidencialidade**

As persoas en prácticas deberán observar a maior discreción en relación cos feitos e a información dos que teñan coñecemento durante as súas prácticas. Non revelarán, en modo algúin, a persoas non autorizadas ningún documento ou información que aínda non fora feita pública. Quedarán vinculados por esta obriga incluso unha vez acabadas as súas prácticas.

As persoas en prácticas non deberán ter ningunha relación profesional con terceiros que sexa incompatible coas súas prácticas (por exemplo, non deben traballar con lobbies, etc). Se xurdira un conflito de intereses durante as prácticas, informarán inmediatamente por escrito ao seu titor/a e ao seu director/a de servizo correspondente.

## **6. Ausencias**

### **6.1. Días libres**

As persoas en prácticas deberán desenvolver a súa actividade no horario normal de oficina dos servizos provinciais e terán dereito aos días festivos oficiais correspondentes que haxa durante as súas prácticas.

Terán dereito a 22 días hábiles libres por ano, ou á parte proporcional correspondente ao tempo de prácticas realizadas. Os días libres non disfrutados non darán lugar a unha indemnización sustitutoria. Os días dispostos para participar en calquera concurso, examen ou traballo universitario, etc. deduciranse dos días libres iniciais. As solicitudes de días libres deberán contar coa autorización do titor e do director do servizo correspondente.

### **6.2. Ausencia en caso de enfermedade**

No caso de enfermedade, as persoas en prácticas deberán avisar inmediatamente ao seu titor e, se a ausencia é superior a tres días, deberán presentar un parte de baixa médica oficial, no que se indique a duración probable da ausencia.

### **6.3. Ausenciainxustificada**

Cando o interesado se ausente sen xustificación ou sen informar ao seu titor e ao seu director/a correspondente, o Servizo de Recursos Humanos poderá pedirlle por escrito que informe ao servizo no que realiza as prácticas no prazo dunha semana a partir da recepción deesta comunicación escrita. A persoa en prácticas deberá entonces facilitar unha xustificación axeitada para a súa ausencia non autorizada. Estes días de ausencia deduciranse automáticamente dos días libres aos que ten dereito. O Presidente da Deputación, despois de consultar ao director/a do servizo correspondente, poderá decidir, tras examinar a xustificación aducida ou se non recibira xustificación ao termo do prazo mencionado, poñer fin ás prácticas sen preaviso. Deberá devolverse á Deputación Provincial o importe da beca pagado en exceso.

## **7. Interrupción**

En circunstancias excepcionais, despois da petición escrita da persoa en prácticas e por motivos debidamente xustificados, o director/a do servizo correspondente poderá autorizar a interrupción das prácticas durante un período de tempo determinado. En tal caso, se suspenderá a bolsa e o seu beneficiario non terá dereito a dotación mensual correspondente.

A persoa en prácticas poderá regresar para completar a parte non finalizada das prácticas, pero só ata o final do período de bolsas aprobado.

## **8. Resolución do período de prácticas**

No caso de que a Deputación Provincial da Coruña estimara que un bolseiro non se adapta a ela ou non avanza adecuadamente no proceso de prácticas formativas, comunicarao ao Director do "Máster universitario en planificación e xestión de destinos e novos produtos turísticos" e poderá resolver en calquera momento a concesión da bolsa, após a audiencia do bolseiro.

Se un bolseiro non quixera seguir prestando a súa colaboración nas actividades que son obxecto da bolsa, deberá comunicalo mediante un escrito motivado e dirixido ao Presidente da Deputación da Coruña, que deberá ser presentado no Rexistro da citada Institución, antes da data en que desexar abandonar as súas actividades de formación e concluír a bolsa.

## **9. Informes e certificados**

Ao remataren os períodos de formación práctica, os bolseiros realizarán unha memoria detallada das actividades que desenvolveren, que serán avaliadas pola Deputación Provincial da Coruña. En función da evaluación, a citada Institución expedirá o oportuno certificado acreditativo, que fará referencia ao presente convenio e indicará as datas do período, a actividade desenvolvida e o servizo no que estiveran destinados.

### **E) Seguro dos bolseiros**

Sen prexuízo do previsto no Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro, que regula os termos e condicións da inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, que desenvolve a DA 3ª da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, a Deputación Provincial da Coruña incluirá aos bolseiros no seguro colectivo de accidentes e de responsabilidade civil para que poidan estar cubertos durante o período completo de prácticas.

### **F) Sancións e medidas disciplinarias**

#### **1. Rendemento insuficiente**

A raíz dunha solicitude xustificada presentada polo titor e aprobada polo director/a do servizo correspondente, poderase poñer termo ás prácticas se o rendemento profesional ou o coñecemento das linguas de traballo son insuficientes para a execución axeitada das tarefas encomendadas.

#### **2. Declaracións erróneas**

O director/a do servizo correspondente resérvase o dereito de poñer termo ás prácticas si, en calquera momento, se demostra que a persoa en prácticas fixo, con coñecemento de causa, declaracións erróneas ou falsas, ou facilitou

documentos falsos ao presentar a súa candidatura ou durante o período de prácticas..

### **III. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO DO CONVENIO**

A partir da sinatura do presente convenio, ambas as partes, de comén acordo, constituirán unha Comisión Mixta de Seguimento con representantes designados por elas en réxime de paridade.

A Comisión Mixta de Seguimento reunirase sempre que o solicite unha das partes e remitiralles informes e propostas aos órganos reitores de cada unha delas.

### **IV.- ORZAMENTO DE GASTOS**

As bolsas estarán dotadas cunha asignación mensual de 900,00 €, máis as cotizacións sociais correspondentes, polo que o custe que representa para a Deputación da Coruña o nomeamento de ata dous bolseiros ascende a 21.600,00 €, segundo se indica na seguinte táboa:

| CONCEPTO            | ASIGNACIÓN MENSUAL | TOTAL ANUAL        | BOLSAS   | IMPORTE TOTAL      |
|---------------------|--------------------|--------------------|----------|--------------------|
| Bolsas en prácticas | 900,00 €           | 10.800,00 €        | 2        | 21.600,00 €        |
| Cotizacións sociais | 35,24 €            | 422,88 €           |          | 845,76€            |
| <b>TOTAL</b>        | <b>935,24 €</b>    | <b>11.222,88 €</b> | <b>2</b> | <b>22.445,76 €</b> |

### **V.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

Os gastos derivados do presente convenio, aos que se refire a cláusula anterior, serán asumidos directamente pola Deputación da Coruña, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do orzamento xeral para o 2016:

| CONCEPTO            | PARTIDA        | IMPORTE            |
|---------------------|----------------|--------------------|
| Bolsas en prácticas | 0510/4321/481  | 21.600,00 €        |
| Cotizacións sociais | 0710/211/16000 | 845,76€            |
| <b>TOTAL</b>        |                | <b>22.445,76 €</b> |

## **VI.- DIRECCION TÉCNICA DO CONVENIO**

A dirección técnica deste convenio corresponderá á Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico da Deputación da Coruña.

## **VII. VIXENCIA DO CONVENIO**

O presente convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 31/07/2017, sen prexuízo de que poida ser prorrogado ata 12 meses máis.

## **VIII. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten naturaleza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Correspondelalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia núm 18831 de 10 de agosto de 2016

E en proba de conformidade, as dúas partes asinan o presente convenio por cuadriplicado na data que se indica na cabeceira.

O DEPUTADO DE COOPERACIÓN,  
PLANS PROVINCIAIS XERAIS,  
ASISTENCIA A MUNICIPIOS,  
TURISMO E PATRIMONIO HISTÓRICO-  
ARTÍSTICO



Asdo.- Xosé Regueira Varela

O VICERREITOR DE PROFESORADO  
E PLANIFICACIÓN DOCENTE,



Asdo.- Alberto Valderruten Vidal